

PROVIDENCIA ALCALDIA.

ASUNTO: REQUERIMIENTO PARA SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.
EXP. NUM. 962/2020.

Dada conta da solicitude entregada por Don David Alonso González con DNI. 78.995.466-B en representación da empresa Green Capital Power, S.L. con CIF. B-85954.475, para “**Instalación dunha torre meteorolóxica de carácter temporal para o estudo do recurso eólico no ámbito do PE Cunca**” (nº de rexistro de entrada 2020-E-RE-742 e data 3 de decembro de 2020).

Visto o Informe Técnico núm. 369/2020, de data 10 de decembro de 2020, emitido pola Técnica Municipal de Urbanismo, D^a María José García Fidalgo, de carácter desfavorable.

De conformidade co establecido na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e Regulamento 143/2016), por medio da presente, se lle require para presente a seguinte documentación:

- **Modelo de COMUNICACIÓN PREVIA de obra no que se inclúa:**
 - Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación.
 - Data de inicio e finalización das obras.

- **Acreditación da representación** por parte do asinante da solicitude.

Solicítase a remisión da documentación citada, a cal deberá ser enviada no prazo de **dez días hábiles**, dacordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Transcorrido dito prazo sen cumprimentar dito requerimento, entenderase por desistido da súa petición, e procederase á declaración da ineficacia da comunicación presentada e ao **ARQUIVO** do expediente.

Así mesmo, indicarlle que namentres non se subsanen as deficiencias advertidas, quedará cautelarmente suspendida a iniciación das actuacións comunicadas.

O ALCALDE.
LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ.
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

D. DAVID ALONSO GONZÁLEZ.
GREEN CAPITAL POWER, S.L.

